

# Curso “Traballo Social e Demencias”

Curso formativo en alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas desde a perspectiva do traballo social

Recoñecemento de interese sanitario pola Xunta de Galicia



**FAGAL**  
**FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA**





### 1. Datos da acción formativa:

- Modalidade: Semipresencial (100 horas en liña e 40 horas presenciais na sede do COTSG –Santiago de Compostela-)
- Duración:
  - Curso completo: 140h
  - Por módulos: 20 h cada módulo
- Datas: do 27 de novembro de 2017 ao 15 de xuño de 2018
- Prezo:
  - Curso completo: Col.230€ | Non Col. 300€
  - Por módulos: Col. 280€ (40€ cada módulo) | Non Col. 385€ (55€ cada módulo).

2

### 2. Descrición e fundamentación:

O curso “Traballo social e intervención en demencias neurodexenerativas”, pretende achegar ás persoas colexiadas e precolexiadas o concepto de demencia así como o papel do traballador social na intervención con persoas con algún tipo de demencia.

Actualmente en España estase a producir un acelerado aumento do envellecemento da poboación debido ao incremento da esperanza de vida e a diminución da natalidade. No campo de atención ás persoas con demencia, os datos demográficos e poboacionais son de gran relevancia, en primeiro lugar porque a idade é o principal factor de risco para a aparición das enfermidade que as producen e en segundo lugar porque as propias características das demencias implican recursos de proximidade e implicación familiar.

Aínda que nos recursos de proximidade de atención a persoas con demencia e aos seus familiares é fundamental o traballo conxunto do equipo multidisciplinar, o labor do profesional en traballo social é indispensable, pois é o encargado de iniciar o proceso de intervención tanto co propio usuario como coa súa familia.

### 3. Obxectivos

- Dar a coñecer os diferentes tipos de demencia e as súas características principais
- Coñecer as causas que orixinan os trastornos de conduta en persoas con demencia así como coñecer a súa prevención e tratamento.
- Mellorar a calidade de vida das persoas coidadoras
- Coñecer a lexislación básica de Servizos Sociais
- Favorecer o coñecemento do papel que ocupa o Traballo Social no campo das demencias
- Dotar aos alumnos de información sobre os recursos actuais para a atención a persoas con demencia
- Dar a coñecer os dereitos das persoas con demencia e os seus familiares.



#### 4. Contido e duración

<p>1. Introducción á velez e ás demencias neurodexenerativas. Coñecementos previos ao primeiro contacto cun posible usuario con demencia.</p> <p>1.1. Demografía, envellecemento e enfermidades neurodexenerativas en España e Galicia</p> <p>1.2. Clasificación e etioloxía das demencias</p> <p>1.3. Diferenzas entre o deterioro normal e o deterioro asociado ás demencias</p>	<p>Duración: 27/11/17 – 22/12/17 20 h:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• 15h on line</li><li>• 5h presenciais</li></ul> <p>Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Psicólogo/a</li></ul>
<p>2. Intervención profesional ante problemas de conduta nas demencias neurodexenerativas.</p> <p>2.1. Problemas de conduta máis frecuentes nas demencias</p> <p>2.2. Prevención de trastornos de conduta</p> <p>2.3. Tratamento dos trastornos de conduta (tratamentos farmacolóxicos e non farmacolóxicos)</p> <p>2.4. Derivación a outras entidades ou profesionais.</p>	<p>Duración: 01/01/18 – 26/01/18 20 h</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• 15h on line</li><li>• 5h presenciais</li></ul> <p>Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Psicólogo/a</li></ul>
<p>3. Primeiro contacto profesional. Coidadores non profesionais dunha persoa con demencia e traballo social.</p> <p>3.1. Perfil do coidador/a principal</p> <p>3.2. Consecuencias das labores de coidado na familia e na persoa coidadora principal</p> <p>3.3. Pautas de fomento do autocoidado nas persoas coidadoras</p>	<p>Duración: 01/02/18 – 23/02/18 20 h</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• 14h on line</li><li>• 6h presenciais</li></ul> <p>Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Psicólogo/a</li></ul>
<p>4. Recursos sociosanitarios na atención a persoas cunha demencia neurodexenerativa:</p> <p>4.1. O itinerario da persoa con demencia nos servizos sociosanitarios</p> <p>4.2. A atención á dependencia desde o ámbito do Traballo Social (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía e Atención ás Persoas en situación de Dependencia, Decreto 149/2013 polo que se define a carteira de servizos sociais...)</p> <p>4.3. Servizos, programas e prestacións dispoñibles para persoas con demencias e os seus familiares</p> <p>4.4. As asociacións de familiares de persoas con demencia</p>	<p>Duración: 26/02/18 – 23/03/18 20 h</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• 14h on line</li><li>• 6h presenciais</li></ul> <p>Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Traballador/a Social</li></ul>
<p>5. Aspectos legais e profesionais no eido da atención ás persoas cunha demencia neurodexenerativa</p> <p>5.1. Dereitos das persoas cunha demencia neurodexenerativa</p> <p>5.2. Dereitos das persoas coidadoras</p>	<p>Duración: 26/03/18 – 20/04/18 20 h</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• 14h on line</li><li>• 6h presenciais</li></ul>



5.3. Procedementos xudiciais: garda, tutela, curatela.	Docente: <ul style="list-style-type: none"><li>• Ldo. En Dereito</li></ul>
6. Envellecemento activo e saudable en demencias neurodexenerativas desde o traballo social <ul style="list-style-type: none"><li>6.1. Definición de envellecemento activo</li><li>6.2. Programas e actividades de envellecemento activo</li><li>6.3. Perfil das persoas usuarias de programas de envellecemento activo</li></ul>	Duración: 23/04/18 – 18/05/18 20 h <ul style="list-style-type: none"><li>• 14h on line</li><li>• 6h presenciais</li></ul> Docente: <ul style="list-style-type: none"><li>• Traballador/a Social</li></ul>
7. A figura do Traballador social dentro do equipo multidisciplinar en demencias neurodexenerativas <ul style="list-style-type: none"><li>7.1. A intervención social, funcións e coordinación na esfera das demencias</li><li>7.2. O traballador/a social como membro do equipo multidisciplinar</li></ul>	Duración: 21/05/18 – 15/06/18 20 h <ul style="list-style-type: none"><li>• 14h on line</li><li>• 6h presenciais</li></ul> Docente: <ul style="list-style-type: none"><li>• Traballador/a Social</li></ul>

#### 5. Persoas destinatarias

Persoas colexiadas e precolexiadas interesadas en coñecer a práctica do traballador/a social en materia de demencias neurodexenerativas.

#### 6. Metodoloxía

Os contidos do curso estarán divididos por módulos (podendo optar por realizar o curso completo ou por apartados)

Horas lectivas:

1. En liña
  - Lectura de documentación
  - Realización de tarefa relacionada
2. Presenciais
  - Asistencia dun 80% das horas (4h, 45)
  - Repaso e asentamento de conceptos do temario
  - Realización de test avaliativo sobre os coñecementos

Toda a información de interese (material de apoio, material audiovisual, ligazóns de referencia..) estará publicado na plataforma en liña.

Para poñer en práctica os contidos asimilados, haberá un exercicio práctico por cada módulo realizado, onde o alumno deberá presentar un breve traballo. Do mesmo xeito, aproveitando a asistencia á parte presencial, realizarase unha avaliación tipo test onde o alumnado deberá responder polo menos, ao 50% das preguntas de forma correcta para poder conseguir a acreditación referente.



Intentarase conseguir a máxima participación por parte do alumnado, polo que se presentarán temas de interese no foro co fin de favorecerla.

## 7. Calendario e planificación (\*)

O curso completo comezará o día 27 de novembro de 2017 e rematará o 15 de xuño de 2018, tendo unha duración de aproximadamente 7 meses (un mes por módulo), dedicando un día ao mes para as accións de formación presenciais (este será sempre o último día de módulo).

2017																					
outubro							novembro							decembro							Módulo I Presencial Mód. I
Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	
1	2	3	4	5	6	7	5	6	7	1	2	3	4	3	4	5	6	7	8	9	
8	9	10	11	12	13	14	12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	
15	16	17	18	19	20	21	19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	
22	23	24	25	26	27	28	26	27	28	29	30	24	25	26	27	28	29	30			
29	30	31											31								

  

2018																					
xaneiro							febreiro							marzo							Módulo II Presencial Mód. II Módulo III Presencial Mód. III Módulo IV Presencial Mód. IV Módulo V Presencial Mód. V Módulo VI Presencial Mód. VI Módulo VII Presencial Mód. VI
Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	
	1	2	3	4	5	6	4	5	6	7	8	9	10	4	5	6	7	8	9	10	
7	8	9	10	11	12	13	11	12	13	14	15	16	17	11	12	13	14	15	16	17	
14	15	16	17	18	19	20	18	19	20	21	22	23	24	18	19	20	21	22	23	24	
21	22	23	24	25	26	27	25	26	27	28	25	26	27	28	29	30	31				
28	29	30	31																		

  

abril							maio							xuño						
Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do	Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa
									1	2	3	4	5						1	2
1	2	3	4	5	6	7	6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9
8	9	10	11	12	13	14	13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16
15	16	17	18	19	20	21	20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23
22	23	24	25	26	27	28	27	28	29	30	31	24	25	26	27	28	29	30		
29	30																			

(\*) Suxeito a modificacións.

## 8. Avaliación

- Tarefa
  - Presentación en liña
  - Dentro de prazo
  - Avaliado como apto



2. Proba Test
  - 10-15 preguntas

Avaliada como apta (50% das preguntas correctas)

3. Diploma de aproveitamento do curso
  - Apto na tarefa de presentación en liña
  - Apto na proba test presencial
  - Asistencia ao 80% das horas lectivas presenciais.

Ademais do exercicio práctico e da avaliación tipo test que se realizará ao rematar cada módulo, haberá unha avaliación continua para coñecer a opinión do alumnado acerca do curso e dos diferentes apartados.

---

## 9. Equipo docente

### **Romina Ferral García**

Traballadora social da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL). Esta entidade leva preto de 20 anos prestando múltiples servizos a través de 260 profesionais do sector sociosanitario. Ademais é a entidade de referencia en Galicia en materia de Alzheimer e outras demencias.

### **Maximina Rodríguez Fernández**

Psicóloga da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL). Esta entidade leva preto de 20 anos prestando múltiples servizos a través de 260 profesionais do sector sociosanitario. Ademais é a entidade de referencia en Galicia en materia de Alzheimer e outras demencias.

### **Iván Raris Filgueira**

Avogado da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL). Esta entidade leva preto de 20 anos prestando múltiples servizos a través de 260 profesionais do sector sociosanitario. Ademais é a entidade de referencia en Galicia en materia de Alzheimer e outras demencias.